



As 'horas en B' róbancha a vida, danan a túa saúde e quítanlle tempo a túa familia

+ PRESION = + HORAS

Tras a reestruturación do sector financeiro que provocou a saída de máis de 50.000 traballadores e traballadoras nos últimos cinco anos estamos a asistir a un **aumento insoportable das cargas de traballo e unha crecente presión** para alcanzar uns **obxectivos dos que dependen os bonus millonarios das cúpulas directivas**.

Estanse a levar a cabo **tácticas de presión**, que se ben non son novas no sector, si están a empezar a ser **insensatas, contraproducentes e altamente prexudiciais** para a saúde dos equipos baseados no control milimétrico de resultados, a ameaza permanente ao traslado, a non promover, a ser 'escollido' para formar parte do próximo ERE e mesmo se está a chegar á falta de respecto e as malas formas.

Esta **'estratexia do medo'** leva a considerar a prolongación de xornada como 'un mal menor', unha oportunidade de sacar máis traballo, o único xeito de xustificar a imposibilidade de cumprir obxectivos argumentando ter dedicado a iso máis horas que ninguén...

+ HORAS = - SAÚDE

Os factores de riscos psicosociais están a crecer a marchas forzadas, ata tal punto que nas múltiples enquisas realizadas por CCOO nas distintas entidades, todas chegan a conclusións similares: estase a producir un **empeoramento xeneralizado da nosa saúde**, materializado en episodios de pánico ante as reunións con superiores, sentimentos de non chegar' ou temor a 'explotar' por non poder abordar a presión; crecen os episodios de **insomnio, stress, trastornos depresivos, ansiedade...** Se está convertendo en algo habitual o **consumo de ansiolíticos para poder manexar esta presión**.

As entidades financeiras coñecen a deterioración da saúde dos seus traballadores/ás, por iso, temerosos de levar a cabo avaliacións de riscos psicosociais concluíntes que revelen esta realidade, ou ben néganse a realizalas ou ben realízanas sen garantías técnicas, como aconteceu na Caixa, onde CCOO obtivo unha sentenza favorable da Audiencia Nacional á súa denuncia que obriga á entidade a realizar de novo unha avaliación con garantías e con participación da representación sindical.

Novembro 2014

Las prolongaciones de jornada suponen un **triple fraude:**

Personal: le robas tiempo a tu vida, a tu familia, a los amigos, a tu ocio, al descanso...

Económico: las 'horas en B' no se pagan, no tributan a Hacienda, ni cotizan a la Seguridad Social y eso supone menos dinero para sanidad, educación, pensiones...

Sociolaboral: en un país con casi 6 millones de personas sin empleo, si tu trabajas el doble, alguien deja de trabajar ¿tu hijo? ¿tu hermana? ¿tu pareja?

NO TE DEFRADES, NO LOS DEFRADES. HAY SALIDA
#siempreCCOOntigo

